- Respectarase no deseño da edificación, a tipoloxía do ámbito, adaptándose na súa totalidade estas obras ao previsto no artigo 42 da Lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002, de Protección do medio rural de Galicia, no relativo ás condicións de edificación.
- Durante a execución dos traballos, tomáranse por parte da contrata, as pertinentes medidas de seguridade tanto da execución das obras, como vial.
- Previo ao inicio das obras solicitátese a presenza dos servizos técnicos municipais, ao obxecto de levantar a correspondente Acta de reformulo.

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 700,00€ salvopresentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 14,00€.

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses e 3 anos para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32

de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

B.12) SOLICITUDE DE D^a. AUREA SANCHEZ FERNÁNDEZ PARA LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR SITA EN PORTOCELO .

Vista solicitude formulada por D^a. Aurea Sánchez Fernández con D.N.I. nº: 33.992.225-L e con domicilio en C/ Rosalia de Castro, 68 – 4º (27880 Burela) na que pide a expedición de certificación de licenza de primeira ocupación para vivenda unifamiliar en Portocelo.

Visto informe do Arquitecto Técnico Municipal, no que sinala en relación ás obras a cal licenza de 1ª utilización se solicita o seguinte:

“Expediente: 1261/10

Asunto: Solicitude de Licenza de Primeira Ocupación

Solicitante: D^a. Aurea Sánchez Fernández

Edificación: Vivenda unifamiliar

Situación: Portocelo – Xove

Arquitecto: D^a. Aurora María López Barros

Arquitecto Técnico: D. Pablo Dorado Lanza

Data Licenza: 28 de xuño de 2007

Expediente Licenza Obra: 1922/10

Obra prevista en proxecto: Edificio para vivenda unifamiliar en Portocelo – Xove. Vivenda unifamiliar composta dunha planta baixa.

Obra Executada: Vivenda unifamiliar composta de planta baixa, con modificación dalgúns dos materias compatibles coas condicións da licencia outorgada.

Obra totalmente executada e en condicións de habitabilidade e uso.

CERTIFICO:

Que a execución material das obras salientadas atópanse realizadas, de acordo ás prescricións técnicas pertinentes e cumpren coas condicións mínimas de habitabilidade de acordo co Decreto 311/1992 do 12 de novembro da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas.

O volume e superficie da obra executada, é coincidente co proxecto presentado mediante o cal se obtivo a pertinente licenza municipal.

A edificación, atópase executada na súa totalidade, e adáptase á vixente Normativa Urbanística do Concello de Xove.

Ordenanza de Aplicación.- Solo Non Urbanizable de Núcleo Rural.

A obra executada, adáptase a Normativa.

Vivenda totalmente executada, rematada interiormente, e pintada exteriormente, podéndose outorgar a correspondente licenza de primeira utilización.

OBSERVACIÓNS: Deberase solicitar entroncamento municipal de auga”.

Visto o disposto na Ordenanza Reguladora, pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A concesión da Licenza de Primeira Ocupación de vivenda unifamiliar sita en Portocelo a D^a. Aurea Sánchez Fernández, que se realizou baixo a dirección facultativa e de acordo co proxecto para o que foi concedido licenza, toda vez que xa foi informado

favorablemente polo Arquitecto Técnico Director das obras a que se fixo referencia, e conforme á certificación achegada.

2º) A aprobación da liquidación practicada según a fixación efectuada polo Arquitecto Técnico Municipal.

3º) A expedición de licenza de 1ª ocupación, efectuándose a valoración das taxas según importe de proxecto e ascendendo estas a 457,00€.

4º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva previo pago da taxa correspondente, debendo efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

B.13) SOLICITUDE DE D. JAVIER SÁNCHEZ FERNÁNDEZ PARA LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR EN PORTOCELO.

Vista solicitude formulada por D. Javier Sánchez Fernández con D.N.I. nº:77.595.131-P e con domicilio en Portocelo, 10 (27877 Portocelo) na que pide a expedición de certificación de Licenza de Primeira Ocupación para vivenda unifamiliar sita en Portocelo.

Visto informe do Arquitecto Técnico Municipal, no que sinala en relación ás obras a cal Licenza de Primeira Ocupación se solicita o seguinte:

“ Expediente: 1125/10

Asunto: solicitude de Licenza de Primeira Ocupación

Solicitante: D. Javier Sánchez Fernández

Edificación: Rehabilitación interior de vivenda unifamiliar

Situación: Portocelo – Xove

Autor de Proxecto: D. Emilio Piñeiro Hermida (Arquitecto técnico).

Director de Obra: Dª. Aroa Mayo Rodríguez (Arquitecta técnico).

Data licenza: 30 de agosto de 2.001

Expediente licenza obra: 1314/01

Obra prevista en proxecto: Rehabilitación interior de vivenda unifamiliar en Portocelo - Xove

Vivenda unifamiliar composta de planta baixa e unha altura.

Obra Executada: Rehabilitación interior de vivenda, de acordo co previsto no proxecto aportado e nas condicións previstas na licencia outorgada.

Obra totalmente executada e en condicións de habitabilidade e uso.

CERTIFICO:

Que a execución material das obras salientadas atópanse realizadas, de acordo ás prescricións técnicas pertinentes e cumpren coas condicións mínimas de habitabilidade de acordo co Decreto 311/1992 do 12 de novembro da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas.

O volume e superficie da obra executada, é coincidente co proxecto presentado mediante o cal se obtivo a pertinente licenza municipal.

Ordenanza de aplicación.- Solo Non Urbanizable de Protección de Costas

A obra executada, adáptase a licenza outorgada co informe favorable da Consellería de Medio Ambiente, Servicio de Conservación do litoral, coa referencia NR:ACR/ATMA501A2001/90-2.

Vivenda totalmente executada, rematada interiormente, e exteriormente, podéndose outorgar a correspondente Licenza de Primeira Ocupación

OBSERVACIÓNS: Deberase solicitar entroncamento municipal de auga .

Visto o disposto na Ordenanza Reguladora, pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A concesión de Licenza de Primeira Ocupación de vivenda sita en Portocelo, que se realizou baixo a dirección facultativa e de acordo co proxecto para o que foi concedido licenza, toda vez que xa foi informado favorablemente polo Arquitecto Técnico Director das obras a que se fixo referencia, e conforme á certificación achegada.

2º) A aprobación da liquidación practicada según a fixación efectuada polo Arquitecto Técnico Municipal.

3º) A expedición de licenza de 1ª ocupación, efectuándose a valoración das taxas según importe de proxecto e ascendendo estas a 129,97€.

4º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva previo pago da taxa correspondente, debendo efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

B.14) LICENZA MUNICIPAL DE APERTURA DE ACTIVIDADE INOCUA DE ALMACÉN PARA MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN SITO NO PARQUE EMPRESARIAL DE CAMBA-XUANCES.

Visto o expediente tramitado a instancia de D.Manuel Rego Bermudez, con domicilio en Cantarrana, 13 entresuelo (27850 Viveiro), que solicita a regulamentaria licenza para abrir ó público un establecemento que haberá de dedicarse a Almacén para materiais de construción sito en parcela 29-30 (5) do Parque Empresarial de Camba-Xove.

Cumpridos os trámites esixidos e resultando acreditado o dereito á licenza que se pretende obter. No uso das facultades conferidas pola Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, de 2 de abril de 1985 e Texto Refundido das Disposicións Legais en materia de Réxime Local aprobado por R. D. Lexislativo 781/1986 de 18 de abril, en consonancia coa correspondente Ordenanza fiscal, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria acorda conceder a licenza que se solicita, así como aproba-las taxas que figuran no expediente, que deberá ser ingresada previamente nas arcas municipais, sen este requisito a licenza non surtirá efecto ningún.

B.15) LICENZA MUNICIPAL DE APERTURA DE ACTIVIDADE INOCUA DE ALMACÉN PARA MATERIALES DE CONSTRUCCION SITO NO PARQUE EMPRESARIAL DE CAMBA-XUANCES.

Visto o expediente tramitado a instancia de D.Manuel Rego Bermudez, con domicilio en Cantarrana, 13 entresuelo (27850 Viveiro), que solicita a regulamentaria licenza para abrir ó público un establecemento que haberá de dedicarse a Almacén para materiais de construción sito en **parcela 29-30 (2)** do Parque Empresarial de Camba-Xove.

Cumpridos os trámites esixidos e resultando acreditado o dereito á licenza que se pretende obter. No uso das facultades conferidas pola Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, de 2 de abril de 1985 e Texto Refundido das Disposicións Legais en materia de Réxime Local aprobado por R. D. Legislativo 781/1986 de 18 de abril, en consonancia coa correspondente Ordenanza fiscal, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria acorda conceder a licenza que se solicita, así como aproba-las taxas que figuran no expediente, que deberá ser ingresada previamente nas arcas municipais, sen este requisito a licencia non surtirá efecto ningún.

B.16) LICENZA MUNICIPAL DE APERTURA DE ACTIVIDADE INOCUA DE SALÓN DE BELLEZA-PELUQUERÍA PARA MARIA EUGENIA FERNÁNDEZ CANO.

Visto o expediente tramitado a instancia de D^a María Eugenia Fernández Cano, veciño de Xove, con domicilio en Rúa Tomás Mariño Pardo, 1 baixo (27870 Xove), que solicita a regulamentaria licenza para abrir ó público un establecemento que haberá de dedicarse a salón de beleza -perruquería sito en C/ Tomás Mariño Pardo, 1 baixo (Xove) Cumpridos os trámites esixidos e resultando acreditado o dereito á licenza que se pretende obter. No uso das facultades conferidas pola Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, de 2 de abril de 1985 e Texto Refundido das Disposicións Legais en materia de Réxime Local aprobado por R. D. Legislativo 781/1986 de 18 de abril, en consonancia coa correspondente Ordenanza fiscal, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria acorda conceder a licenza que se solicita, así como aproba-las taxas que figuran no expediente, que deberá ser ingresada previamente nas arcas municipais, sen este requisito a licencia non surtirá efecto ningún.

B.17) LICENZA MUNICIPAL DE APERTURA DE ACTIVIDADE INOCUA DE TENDA DE INFORMÁTICA E FOTOGRAFÍA SITA EN AVDA. DIPUTACIÓN 25 BAIXO-XOVE.

Visto o expediente tramitado a instancia de D. Javier Arca Uria veciño de Xove, con domicilio en Urbanización Palmeiro 34 4º b (27879 Rigueira-Xove), que solicita a regulamentaria licenza para abrir ó público un establecemento que haberá de dedicarse a tenda de informática e fotografía, sito en Avda. Diputación, 25 baixo (Xove). Cumpridos os trámites esixidos e resultando acreditado o dereito á licenza que se pretende obter. No uso das facultades conferidas pola Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, de 2 de abril de 1985 e Texto Refundido das Disposicións Legais en materia de Réxime Local aprobado por R. D. Legislativo 781/1986 de 18 de abril, en consonancia coa correspondente Ordenanza fiscal, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria acorda conceder a licenza que se solicita, así como aproba-las taxas que figuran no expediente, que deberá ser ingresada previamente nas arcas municipais, sen este requisito a licencia non surtirá efecto ningún.

B.18) LICENZA MUNICIPAL DE APERTURA DE ACTIVIDADE INOCUA DE ALQUILER DE BARCOS (INVERNAXES) E ALQUILER DE VEHÍCULOS

Visto o expediente tramitado a instancia de D. Marcus Walter Ivo Hendrik, en representación de Multirent Xove S.L. , con domicilio en Lieiro, 14 (27891 Cervo), que

solicita a regulamentaria licenza para abrir ó público un establecemento que haberá de dedicarse a almacén de barcos (invernaxes) e aluguer de vehículos ó 50% sito no Poligono Industrial de Camba Parcela 19.

Cumpridos os trámites esixidos e resultando acreditado o dereito á licenza que se pretende obter. No uso das facultades conferidas pola Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, de 2 de abril de 1985 e Texto Refundido das Disposicións Legais en materia de Réxime Local aprobado por R. D. Lexislativo 781/1986 de 18 de abril, en consonancia coa correspondente Ordenanza fiscal, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria acorda conceder a licenza que se solicita, así como aproba-las taxas que figuran no expediente, que deberá ser ingresada previamente nas arcas municipais, sen este requisito a licencia non surtirá efecto ningún.

B.19) LICENZA MUNICIPAL DE APERTURA DE ACTIVIDADE INOCUA DE EXPOSICIÓN DE BARCOS DE RECREO NO POLIGONO DE CAMBA.

Visto o expediente tramitado a instancia de D Marcus Walter Ivo Hendrik, en representación de Aguaverde Xove, S.L, con domicilio en Lieiro, 14 (27891 CERVO), que solicita a regulamentaria licenza para abrir ó público un establecemento que haberá de dedicarse a exposición de barcos de recreo, sito no Poligono Industrial de Camba Parcela 18.

Cumpridos os trámites esixidos e resultando acreditado o dereito á licenza que se pretende obter. No uso das facultades conferidas pola Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, de 2 de abril de 1985 e Texto Refundido das Disposicións Legais en materia de Réxime Local aprobado por R. D. Lexislativo 781/1986 de 18 de abril, en consonancia coa correspondente Ordenanza fiscal, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria acorda conceder a licenza que se solicita, así como aproba-las taxas que figuran no expediente, que deberá ser ingresada previamente nas arcas municipais, sen este requisito a licencia non surtirá efecto ningún.

B.20) SOLICITUDE DE D. JOSE MANUEL GARCIA PEREZ, RELATIVO A PRORROGA DE LICENZA PARA REFORMA E AMPLIACIÓN DE EDIFICIO EN AVDA DIPUTACION N° 44.-XOVE.

Por Secretaría dáse conta de solicitude de D. Jose Manuel García Pérez con DNI nº: 77.592.003-P e con domicilio en Avda. Diputación, 44 – Xove, de *prórroga de licencia de obra* para reforma e ampliación de edificio en Avda. Diputación, 44 (Xove) Expediente nº: 930/10.

Visto o preceptivo informe do arquitecto Técnico Municipal no que sinala que :

1.- O solicitante obtivo a pertinente licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar, de acordo co proxecto redactado pola arquitecta Dona. Patricia Vázquez Mille, en Xunta de Goberno local deste Concello ó día 27 de marzo do ano 2.007.

2.-Actualmente, non cambiaron as circunstancias urbanísticas aplicables á parcela na que se ubica o inmovible, polo que se informa favorablemente a concesión da pertinente prorroga para a finalización das obras que a están executando, ao amparo do articulo 197.2 da Loupmrg da lei 9/2002 do 31 de decembro, nas mesmas condicións aplicadas á licenza outorgada no seu día.

3.-Na sesión plenaria do día nove do mes de xuño aprobouse inicialmente o P.X.O.M, e acordouse a suspensión do outorgamento de licenzas, polo prazo de dous anos, na totalidade do termo municipal nos termos e condicións sinaladas non art.77 dá Lei 9/2002, de 30 de decembro, e non Art.120 do Real Decreto 2159/1978, de 23 de xuño, polo que a aproba o Regulamento de Planeamento.

4.-Tendo en conta que non existe discrepancia entre a Normativa urbanística aplicable prevista, tanto nas NN.SS coma no P.X.O.M aprobado inicialmente, toda vez que ás obras que se pretenden executar, situanse en ambos os dous casos dentro de Solo do Núcleo rural de Xove, pódese outorgar a licenza que se solicita

Esta prorroga de licenza, concédese por unha soa vez e por un novo prazo non superior ao inicialmente acordado de tres anos.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) A concesión da prórroga solicitada por un prazo non superior ós 3 anos, para construción de vivenda unifamiliar sita en Avda. Diputación, 44 (Xove).

2º) A notificación deste acordo ó interesado, os efectos procedentes.

B.21) SOLICITUD DE CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENCIA DE APERTURA ESTABLECEMENTO DE NAVE ALMACEN PARA MATERIAL ELECTRICO SITO EN CAMIÑO REAL-XOVE.

Vista solicitude de Electromariña 2007 S.L.L. con CIF B27377468 con domicilio en camiño Real SN (27870 Xove) de cambio de titularidade de licenza de apertura de establecemento sito en Camiño Real S/n (Xove), que en la actualidade figura a nome de D. Antonio Pillado Alvarez para que figure como novo titular ElectroMariña 2007 S.L.L.

Visto así mesmo que con fecha 5 de maio de 2008 expediuse a licenza municipal para apertura de nave Almacén para material Eléctrico en Camiño Real SN (Xove).

Vista acta de inspección de actividades do Arquitecto Técnico Municipal que manifesta que:

“1º.- De acordo coa solicitude de cambio de titularidade de licenza de apertura de establecemento para nave almacén de material eléctrico, e comparecido o técnico que subscribe no establecemento, puido constatar que o local cuio cambio de titularidade de licenza da actividade se pretenden, continua coa mesma actividade, para a que no seu día concedeuse a oportuna licenza municipal, a favor do solicitante, reunindo as condicións de solidez e seguridade, para a explotación da mesma, así como o cumprimento da Normativa de protección contra incendios, coa existencia de extintores en regra e as saídas de evacuación correctas.

2º.- Acompañase licenza municipal a favor de D. Antonio Pillado Alvarez, así como a firma de consentimento e transmisión da devandita licenza de actividade, asinado polas dúas partes intervintes.”

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade, en votación ordinaria acordase:

1º) Autorizar o cambio de titularidade da licenza de apertura de establecemento de Antonio Pillado Alvarez sita en Camiño Real, S/n - Xove para que sexa substituído como titular Electromariña 2007, S.L.L.

2º) Facultar á Alcaldía - Presidencia para a realización de cantos actos, trámites o xestións sexan procedentes para el bo fin dos acordos adoptados.

B.22) SOLICITUDE DE GORECAROL S.L. RELATIVO A ACONDICIONAMENTO DE LOCAL EN PLANTA BAIXA PARA SUPERMERCADO DE ALIMENTACION EN AVDA DIPUTACION Nº56-BAIXO.-XOVE.

Vista solicitude formulada por Gorecarol S.L. con CIF B-27.396.928 con domicilio en Avda. Diputación, 56 – baixo (27870 Xove), para realización de obras de acondicionamento de local en planta baixa para supermercado de alimentación en Avda. Diputación, 56- baixo.-Xove. Expediente: 1426/10

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que as obras de acondicionamento do local, que se pretenden realizar, de acordo coa documentación que se achega, suscrita polo Enxeñeiro Técnico D. Macario Yebra Lemos e Arquitecto Técnico D.Lino García Beiro, atópanse dentro do núcleo urbano de Xove.

Na sesión plenaria do día nove do mes de xuño aprobouse inicialmente ó P.X.O.M, e acordouse a suspensión do outorgamento de licenzas, polo prazo de dous anos, na totalidade do termino municipal nos termos e condicións sinaladas no art.77 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, e no art.120 do Real Decreto 2159/1978, de 23 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Planeamento.

Tendo en conta que as obras que se solicitan, non inciden nas condicións urbanísticas aplicables a parcela en que se ubica a edificación pese a diferenza de Normativa aplicable entre ambos planeamentos, enténdese que se pode outorgar a licenza que se solicita, sempre e cando a mesma se ataña por completo ao solicitado. acondicionamento interior de planta baixa para Supermercado de alimentación.

O edificio onde se ubica o local que se pretende arrancar o local dispón da pertinente Licencia de Primeira Ocupación, de fecha 13 de xaneiro do 2010. Expediente 4534/09

Estas obras adáptanse á ambas Normativas urbanísticas do Concello de Xove. *Normas Subsidiarias e complementarias de planeamento de Xove. P.X.O.M aprobado inicialmente.*

De acordo co previsto no proxecto, e pola actividade que se pretende realizar, esta actividade pode considerarse como inocua, e polo tanto non debe estar suxeita a Avaliación ambiental.

No proxecto apórtase a documentación correspondente de adaptación do mesmo ao Código Técnico, (CTE), co a xustificación do cumprimento do Documento Básico HR Protección fronte ao ruído, e o SI de seguridade en caso de incendio, así coma os demais Documentos Básicos pertinentes contemplados no Código Técnico, e obrigados nun local para actividades deste tipo.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impoñense as condicións seguintes:

- As instalacións necesarias para a realización destes traballos deberán estar perfectamente valladas, na zona de arcén, coas sinalizacións correspondentes, así como a disposición de luces de sinalización en horas nocturnas, pola súa situación en plena zona urbana.
- As instalacións auxiliares e a propia obra, disporán do correspondente Seguro de responsabilidade civil.

- O ámbito da instalación deberá estar perfectamente limpo.
- Deberanse satisfacer as taxas correspondentes por ocupación de vía pública, durante o tempo de permanencia das devanditas instalacións.
- Habida conta que de acordo co proxecto que se achega as obras que se pretenden, terán consideración de obras de acondicionamento, non poderán afectar a elementos estruturais, nin supoñerán aumento de volume.
- Respetarase o primitivo deseño e a tipoloxía da edificación e ámbito, adaptándose na súa totalidade estas obras de acondicionamento, ao solicitado.
- Durante a execución dos traballos, tomáense por parte da contrata, as pertinentes medidas de seguridade tanto da execución das obras, como vial.
- A apertura do local para a actividade prevista no proxecto, está supeditada ao outorgamento da licenza de actividade para este local como supermercado de alimentación en concordancia coas previsións de proxecto e licenza outorgada.
- Unha vez finalizados os traballos e previa a apertura do local para a actividade que se pretende, deberase solicitar a obrigada, licencia de apertura de actividade, e que se outorgará previa a obrigada visita de comprobación por parte dos servizos técnicos municipais, co obxecto de poder constatar a adecuación das obras co proxecto aprobado así coma o cumprimento das Normativas correspondentes.
- De acordo con todo o exposto anteriormente, infórmanse favorablemente as obras que se solicitan.

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 138.985,35€.-salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 2.779,71€.-

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses, e 3 anos para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

B.23) SOLICITUDE DE MARIÑASEC GALICIA S.L. RELATIVO A ACONDICIONAMENTO DE LOCAL EN PLANTA BAIXA PARA TINTORERIA EN C/TOMAS MARIÑO PARDO Nº1-BAIXO.-XOVE.

Vista solicitude formulada por Iria González Veira representación de MARIÑASEC GALICIA S.L con domicilio en Avda. Diputación, 89 (27870 Xove) para realización de obras de acondicionamento de local en planta baixa para tintorería en C/Tomas Mariño Pardo Nº1-baixo.-Xove. Expediente: 1454/10

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que as obras de acondicionamento do local, que se pretenden realizar, de acordo coa documentación que

se achega, subscripta polo o arquitecto técnico D. Tomas Rodríguez Rapa, atópanse dentro do núcleo urbano de Xove.

Na sesión plenaria do día nove do mes de xuño aprobouse inicialmente ó P.X.O.M, e acordouse a suspensión do outorgamento de licenzas, polo prazo de dous anos, na totalidade do termino municipal nos termos e condicións sinaladas no art.77 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, e no art.120 do Real Decreto 2159/1978, de 23 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Planeamento.

Tendo en conta que as obras que se solicitan, non inciden nas condicións urbanísticas aplicables a parcela en que se ubica a edificación pese a diferenza de Normativa aplicable entre ambos planeamentos, enténdese que se pode outorgar a licenza que se solicita, sempre e cando a mesma se ataña por completo ao solicitado. Acondicionamento interior de planta baixa para tintorería.

O edificio onde se ubica o local que se pretende arrancar o local dispón da pertinente Licencia de Primeira Ocupación, de fecha 17 de setembro do 2009. Expediente 1655/09.

Estas obras adáptanse á ambas Normativas urbanísticas do Concello de Xove. Normas Subsidiarias e Complementarias de Planeamento de Xove. P.X.O.M aprobado inicialmente.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impoñense as condicións seguintes:

- De acordo co previsto no proxecto, e pola actividade que se pretende realizar, esta actividade pode considerarse como inocua, e polo tanto non debe estar suxeita a Avaliación ambiental.

- No proxecto apórtase a documentación correspondente de adaptación do mesmo ao Código Técnico, (CTE), coa xustificación do cumprimento do Documento Básico HR Protección fronte ao ruído, e o SI de seguridade en caso de incendio, así coma os demais Documentos Básicos pertinentes contemplados no Código Técnico, e obrigados nun local para actividades deste tipo.

- As instalacións necesarias para a realización destes traballos deberán estar perfectamente valladas, na zona de arcén, coas sinalizacións correspondentes, así como a disposición de luces de sinalización en horas nocturnas, pola súa situación en plena zona urbana.

- As instalacións auxiliares e a propia obra, disporán do correspondente Seguro de responsabilidade civil.

- O ámbito da instalación deberá estar perfectamente limpo.

- Deberanse satisfacer as taxas correspondentes por ocupación de vía pública, durante o tempo de permanencia das devanditas instalacións.

- Habida conta que de acordo co proxecto que se achega as obras que se pretenden, terán consideración de obras de acondicionamento, non poderán afectar a elementos estruturais, nin supoñerán aumento de volume.

- Respetarase o primitivo deseño e a tipoloxía da edificación e ámbito, adaptándose na súa totalidade estas obras de acondicionamento, ao solicitado.

- Durante a execución dos traballos, tomásense por parte da contrata, as pertinentes medidas de seguridade tanto da execución das obras, como vial.
- A apertura do local para a actividade prevista no proxecto, está supeditada ao outorgamento da licenza de actividade para este local como TINTORERIA en concordancia coas previsións de proxecto e licenza outorgada.
- Unha vez finalizados os traballos e previa a apertura do local para a actividade que se pretende, deberase solicitar a obrigatoria, licencia de apertura de actividade, e que se outorgará previa a obrigatoria visita de comprobación por parte dos servizos técnicos municipais, co obxecto de poder constatar a adecuación das obras co proxecto aprobado así coma o cumprimento das Normativas correspondentes.
- De acordo con todo o exposto anteriormente, infórmanse favorablemente as obras que se solicitan.

OBSERVACIÓNS: Deberase solicitar licenza de apertura da actividade.

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 18.022,42€.- salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 360,45€.-

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses, e 3 anos para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

B.24) SOLICITUD DE CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENCIA DE APERTURA DE CAFÉ BAR RESTAURANTE "ESENCIAS" EN PALMEIRO.

Vista solicitude de D. Luís Miguel Garrido López con domicilio en Tuimil, 12 (27877 Xuances) de cambio de titularidade de licenza de apertura de establecemento sito en Urbanización Palmeiro 16-17.-"Bar Esencias", que en la actualidade figura a nome de D. Luís Miguel Garrido López para que figure como novo titular D. Bachir Boufarsse con CIF: X3027132X, con domicilio en C/ Rosalía de Castro, 30 5º b (27880 Burela).

Expediente: 1434/10.

Visto o Informe do Arquitecto Técnico Municipal que sinala o seguinte de acordo coa solicitude de cambio de titularidade de licenza de apertura de establecemento para café bar restaurante, e comparecido o técnico que subscribe no establecemento, puido constatar que o local cuio cambio de titularidade de licenza da actividade se pretende, continua coa mesma actividade, para a que no seu día concedeuse a oportuna licenza municipal, a favor do solicitante, reunindo as condicións de solidez e seguridade, para a explotación da mesma, así como o cumprimento da Normativa de Protección

Contraincendios, coa existencia de extintores en regra e as saídas de evacuación correctas.

Otogrouse licenza municipal inicial a favor de Helmancasa S.L, con diferentes cambios de titularidade, a última a favor do solicitante D.Luis Miguel Garrido López, el 13 de agosto de 2009, así como a firma de consentimento e transmisión da devandita licenza de actividade, asinado polas dúas partes intervinentes.

Visto así mesmo que con fecha 25 de setembro de 2008 expedíuse a licenza municipal de apertura do café-bar-restaurante “Esencias” en Palmeiro.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade, en votación ordinaria acordase:

1º) Autorizar o cambio de titularidade da licenza de apertura de establecemento de café – bar - restaurante “Esencias” en Palmeiro para que sexa substituído como titular D. Bachir Boufarsse con CIF: X3027132X, con domicilio en C/ Rosalía de Castro, 30 5º b (27880 Burela).

2º) Facultar á Alcaldía - Presidencia para a realización de cantos actos, trámites o xestións sexan procedentes para el bo fin dos acordos adoptados.

C) CONTAS E FACTURAS

C.1) AXUDAS DE CUSTO DA ALCALDÍA CORRESPONDENTES Ó MES DE MARZO-ABRIL 2010

Por tres votos a favor e coa abstención do interesado, procédese á aprobación das axudas de custo da Alcaldía, correspondentes ós meses de marzo e abril de 2010 por importe de 374,90€.

D) OUTROS ASUNTOS DE GOBERNO MUNICIPAL

D.1)ACORDO DE DEVOLUCIÓN DE FIANZA CONSTITUÍDO POR HELMANCASA, S.L PARA AS OBRAS DE ESCAVACIÓN E MOVEMENTO DE TERRA NA URB. PALMEIRO - RIGUEIRA

Visto informe do Arquitecto Técnico Municipal en relación á petición de devolución de fianza constituída pola Helmancasa, S.L con CIF nº: B-84469345 e con domicilio a efectos de notificación en Camino de Huertas de La Vega, 36 – 40 baixo 1 (37008 Salamanca) por importe de 788,40€, para responder das obras de escavación e movemento de terra na Urb. Palmeiro, que sinala que:

De acordo coa documentación que se achega, e unha vez inspeccionados os traballos realizados, pola execución dos cales se tivo que efectuar o pertinente aval, ditos traballos se efectuaron en perfectas condicións, así como a reposición dos elementos afectados, podendo procederse á fianza depositada no seu día.

Importe aval: 788, 40€

Faise constar que faltan de realizar as obras de instalación do C.T que se corresponde coa licenza outorgada a BEGASA e para a cal tivo que constituírse o correspondente aval.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade, en votación ordinaria acorda:

1º)A devolución da garantía constituída pola empresa Helmancasa, S.L por importe de 788,40€.

2º) Facultar o Sr. Alcalde-Presidente para a realización de cantos actos, tramites ou xestións sexan precisos para o bo fin dos acordos adoptados.

D.2) ESCRITO DA COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DO EDIFICIO A MARIÑA OCCIDENTAL SOLICITANDO A DEVOLUCIÓN DA DIFERENZA DO PAGO DO VADO PERMANENTE.

Por Secretaría dáse conta do escrito presentando pola Comunidade de Propietarios do Edificio A Mariña Occidental , con CIF nº: H272340413 e con domicilio en C/ Tomas Mariño Pardo, 8 (27870 Xove) no que solicita a devolución da diferenza cobrada de forma indebida do recibo de vado permanente correspondente o ano 2009.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda a devolución de 144,00€ correspondente o cobro indebido do recibo de vado permanente a Comunidade de Propietarios A Mariña Occidental.

D.3) SOLICITUDE DE D. JOSE ANTONIO SANCHEZ OTERO DE BAIXA EN VADO PERMANENTE Nº 50.

Vista solicitude formulada por D. Jose Antonio Sánchez Otero con D.N.I. nº: 33.763.846- F e con domicilio en Ameixoa, 12 (27850 Viveiro), que solicita a baixa no vado permanente sito no Edificio Veiga na Avda. Diputación - Xove (vado nº50).

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que:

1.- A baixa do vado que se solicita, queda condicionado a estar o corrente das anualidades correspondentes, así como ao pago dos gastos de restitución da beirarrúa, se fose necesario, ao seu orixinal estado (sen vado).

2.- Ditas obras faranse por medio da brigada municipal que unha vez evaluados os gastos correspondentes se facturarán ao interesado, ou ben ditas obras de restitución pode facelas o interesado previa a comprobación por parte dos servizos técnicos municipais do estado da beirarrúa unha vez rematados estes traballos.

3.- A baixa definitiva farase unha vez constatados os apartados anteriores.

Por unanimidade en votación ordinaria, acórdase :

1º) Conceder a baixa do vado permanente solicitado, condicionado ó Informe anteriormente transcrito.

2º) A notificación ó interesado os efectos procedentes

D.4) SOLICITUDE ASOCIACION CULTURAL DEPORTIVA XOVE DE AXUDA ECONÓMICA PARA ESCOLAS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS 2010.

Visto o escrito de D. Jose Manuel Blanco González, como Presidente da Asociación Cultural Deportiva Xove, con domicilio a efectos de notificación en C/ Dr. Baamonde Illade, 22 (27870 Xove) no que solicita unha subvención para o financiamento de escolas e actividades deportivas 2010.

Segundo consta no informe da Interventora Municipal emitido con data 20/04/2010 a proposta axústase ó establecido no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e debe acomodarse ás esixencias do capítulo I do Título V das Bases de Execución do Orzamento para 2.008, aprobadas polo Pleno en sesión de 20 de decembro de 2.007.

Vista a existencia de crédito para o gasto na partida 341.892 do vixente Orzamento.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º.- A concesión da subvención económica nominativa por importe de 18.000,00€ para o financiamento de escolas e actividades deportivas 2010.

Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes doutras Administracións ou entes Públicos ou privados, se ben en ningún caso o importe dos fondos obtidos poderá superar o coste da actividade subvencionada.

2º.- O libramento en concepto de anticipo da cantidade de 12.600,00€ correspondente ó 70% da subvención concedida.

3º.- Unha vez efectuada a xustificación documental do gasto por un importe igual ou superior a 18.000,00€ procédese ó libramento do 30% pendente de percepción

4º.- Consonte ó establecido na Base 41 das de execución do Orzamento, para a xustificación da axuda deberá presentarse no rexistro Xeral do Concello a seguinte documentación:

- Unha declaración de tódalas axudas que se percibiron ou solicitaron para a actividade subvencionada, sexan de particulares ou de outras administracións públicas. Poderá utilizarse o modelo facilitado polo Concello.
- Certificado ou declaración responsable do solicitante ou representante legal da entidade acreditativo de atoparse ó corrente das súas obrigas fiscais co Concello e coa Seguridade Social se fose o caso.
- Estado ou balance de gastos e ingresos asinado polo Presidente así como polo Secretario da entidade relativo á actividade e período subvencionado.
- Unha Memoria da actividade realizada ou no seu caso, exemplar da documentación e propaganda escrita e gráfica relativa á mesma e na que se anuncie a colaboración municipal.
- Orixinais ou copias cotexadas das facturas ou documentos acreditativos do gasto realizado que deberán cumprir-los seguintes requisitos:
 - O beneficiario deberá figurar obrigatoriamente como destinatario da factura.
 - Expresar con detalle os bens e servizos adquiridos.
 - Debe figurar claramente o nome ou razón social e NIF da empresa que emite a factura.

5º.- A xustificación da subvención deberá presentarse, en todo caso, antes da finalización do exercicio orzamentario correspondente, e no caso de subvencións concedidas dentro do último trimestre do exercicio, antes do 31 de xaneiro do exercicio seguinte.

D.5) SOLICITUDE ASOCIACION EQUINA A MEDELA DE AXUDA ECONÓMICA PARA FEIRA CABALAR 2010.

Visto o escrito de D. Leandro Quelle Franco, como Presidente da Asociación Equina “A Medela”, con domicilio a efectos de notificación en Cabo, 8 (27878 Sumoas) no que solicita unha subvención para o financiamento da Feira Cabalar Lago 2010.

Segundo consta no informe da Interventora Municipal emitido con data 09/04/2010 a proposta axústase ó establecido no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e debe acomodarse ás esixencias do capítulo I do Título V das

Bases de Execución do Orzamento para 2.008, aprobadas polo Pleno en sesión de 20 de decembro de 2.007.

Vista a existencia de crédito para o gasto na partida 412.489 do vixente Orzamento.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º.- A concesión da subvención económica nominativa por importe de 3.000,00€ para o financiamento da Feira Cabalar Lago 2010.

Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes doutras Administracións ou entes Públicos ou privados, se ben en ningún caso o importe dos fondos obtidos poderá superar o coste da actividade subvencionada.

2º.- O libramento en concepto de anticipo da cantidade de 2.100,00€ correspondente ó 70% da subvención concedida.

3º.- Unha vez efectuada a xustificación documental do gasto por un importe igual ou superior a 3.000,00€ procédese ó libramento do 30% pendente de percepción

4º.- Consonte ó establecido na Base 41 das de execución do Orzamento, para a xustificación da axuda deberá presentarse no rexistro Xeral do Concello a seguinte documentación:

- Unha declaración de tódalas axudas que se percibiron ou solicitaron para a actividade subvencionada, sexan de particulares ou de outras administracións públicas. Poderá utilizarse o modelo facilitado polo Concello.
- Certificado ou declaración responsable do solicitante ou representante legal da entidade acreditativo de atoparse ó corrente das súas obrigas fiscais co Concello e coa Seguridade Social se fose o caso.
- Estado ou balance de gastos e ingresos asinado polo Presidente así como polo Secretario da entidade relativo á actividade e período subvencionado.
- Unha Memoria da actividade realizada ou no seu caso, exemplar da documentación e propaganda escrita e gráfica relativa á mesma e na que se anuncie a colaboración municipal.
- Orixinais ou copias cotexadas das facturas ou documentos acreditativos do gasto realizado que deberán cumprir-los seguintes requisitos:
 - O beneficiario deberá figurar obrigatoriamente como destinatario da factura.
 - Expresar con detalle os bens e servizos adquiridos.
 - Debe figurar claramente o nome ou razón social e NIF da empresa que emite a factura.

